



CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

De acordo coa resolución de Alcaldía ditada o día 13 de outubro de 2025, nº 2025-0273, aprobáronse as bases específicas para a selección mediante o sistema de **concurso-oposición** e posterior contratación dun **auxiliar administrativo**, baixo o réxime de funcionario interino por programas, ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas **bases específicas** da convocatoria que poderán ser consultadas na páxina sede electrónica <https://baralla.sedelectronica.es> e no **taboleiro de edictos** do Concello de Baralla.

Este proceso selectivo está **exento de taxas**.

Baralla, 15 de outubro de 2025.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2861

BEGONTE

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 19 de setembro de 2025, o expediente de modificación de créditos **núm. 18/2025** (3º de competencia do pleno), dentro do vixente Presuposto municipal, por un importe total de **cento vinte un mil cincocentos cincuenta e tres con vinte un (121.553,21) euros**, e transcorrido o prazo dos quince (15) días hábiles, contados a partir da inserción do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, sen que se tivesen presentado reclamacións, o mesmo entenderase elevado a definitivo, quedando o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido orzamento, da seguinte forma:

Cap. 1.- Remuneracións de persoal.	1.257.108,17
Cap. 2.- Compra de bens correntes e de servizos	2.679.014,44
Cap. 3.- Gastos financeiros	5.660,00
Cap. 4.- Transferencias correntes	235.810,00
Cap. 5.- Fondo de Continxencia	0,00
Cap. 6.- Inversións reais	2.730.605,73
Cap. 7.- Transferencias de capital	0,00
Cap. 8.- Variación de activos financeiros	0,00
Cap. 9.- Variación de pasivos financeiros	150.000,00
SUMA TOTAL	7.058.198,34

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Begonte, 15 de outubro de 2025.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2862

Anuncio

Elevado a definitivo o acordo do Pleno da Corporación de data 19 de setembro de 2025, de aprobación inicial da modificación das Bases de execución do Orzamento municipal para o actual exercicio de 2025, no relativo á relación das subvencións nominativas nel previstas; en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o texto da dita modificación.

Base 26ª.- Subvencións Nominativas con cargo ao Exercicio:

- b) Por último, recóllese como subvención nominativa, entre outras, a seguinte subvención e polo importe que se cita: Asociación “As Canicas”, de ata 60.000,00 €.

Begonte, 15 de outubro de 2025.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2863

CASTROVERDE

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario núm. 13/2025

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de setembro de 2025 aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 12/2025, na modalidade de suplemento de crédito

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 15 de outubro de 2025.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2864

Anuncio

Que por resolución de alcaldía de data 14 de outubro de 2025, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia e libre concorrencia correspondente ao mes de agosto de 2025, por un importe de 8.819,14 euros 1.210,96 euros respectivamente. Os padróns quedarán expostos ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse as respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas.

Contra as liquidacións comprendidas no padrón poderase formular recurso de reposición, anterior ao contencioso administrativo, perante a Alcaldía no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón.

Así mesmo, acordase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar: dende o 30 de outubro de 2025 ao 30 de decembro 2025, ámbolos dous inclusive.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Así mesmo faise saber que dita publicación surtirá de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Castroverde, 16 de outubro de 2025.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2876

FOZ

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL

Por parte deste Concello vaise proceder a aprobación das Bases e Anexos polas que se establecen as **normas para integrar a Bolsa de Traballo da praza de:**

1 AUXILIAR UNED

Prazo de presentación de instancias: 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP.-

Requisitos do posto de traballo: recollidos nas Bases que rexen a convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 19 de febreiro de 2025, a disposición dos interesados no Taboleiro de anuncios do Concello de Foz, en horario de 9.00 a 14.00 horas, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Foz (www.concellodefoz.es).-

Máis información: Teléfonos 982.14.00.27

Foz, 1 de outubro de 2025.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2865

FRIOL

Anuncio

O Pleno do Concello na sesión celebrada o 7 de outubro de 2025 adoptou, de conformidade có disposto art. 110 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, acordo de cesión á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (ASPANAES) en orde á ubicación dos pozos de xeotermia de parte da parcela con referencia catastral 27020A124002170000YD sendo a superficie a ceder 1.490 m², necesarios para a instalación antes definida. Elo na parte posterior da parcela cedida o pasado ano para construción do centro, xa que á vista das distancias a gardar entre os pozos non se pode ubicar na parcela cedida, así como a necesidade da superficie e cercanía para elo, segundo a solicitude presentada.

O que se somete ao trámite de información pública polo prazo de 15 días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do establecido no art. 110.f do R.D. 1372/86, a efectos de exame e presentación de reclamacións. De non presentarse en tempo e forma, o acordo elevarase automaticamente a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.

Friol, 15 de outubro de 2025.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2866

LUGO

Anuncio

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria consistente na modificación da base de execución número 24.E) do vixente Orzamento Municipal 2025, unha vez rematado o prazo de exposición ao público do acordo número 7/92 de aprobación inicial da mesma, adoptado en sesión plenaria do 30 de xuño de 2025, publicado no BOP nº 158 do 11 de xullo de 2025 e rectificado no BOP nº 177, do 4 de agosto de 2025, ao inadmitirse a reclamación NRE 202599900018908 presentada polo Grupo Municipal Popular en data 22 de agosto de 2025, por non ter encaixe legal en ningún dos supostos sinalados no artigo 170.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, do seguinte teor:

Modificación da Base de execución Núm 24.E) das de execución do Orzamento xeral do Concello de Lugo para o exercicio 2025, aos efectos de incluír como subvención nominativa a seguinte, na área de Desenvolvemento Local:

24100.48900 DESENVOLVEMENTO LOCAL

ENTIDADE	CIF	PROGRAMA	IMPORTE
Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais do Distrito da Milagrosa	G27159110	Feira de produtos do campo e artesanía San Isidro	2.000,00

Lugo, 15 de outubro de 2025.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Miguel Fernández Méndez.

R. 2867

Anuncio

Aprobados inicialmente polo excelentísimo Concello Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2025 (acordos números 11/129 e 12/130), os expedientes de modificacións das Bases de Execución do vixente Orzamento Municipal para o 2025, aos efectos de modificar as contías de subvencións nominativas na área de BENESTAR SOCIAL e de establecer subvencións nominativas na área de PARTICIPACIÓN CIDADÁ, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Os interesados lexitimados, segundo o artigo 170 do mencionado Texto refundido, e conforme as causas que indica o parágrafo 2) do mesmo artigo, poderán presentar reclamacións a partir da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante o período de exposición pública. Se durante o citado período non se presentasen alegacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado.

Lugo, 15 de outubro de 2025.- O Excmo. Sr. alcalde-presidente, don Miguel Fernández Méndez.

R. 2868

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 57/2025

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 15/07/2025, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 57/2025 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito ,financiado con baixas,pola cantidade de 70.372,19 euros, que se fai público resumido por capítulos:

0				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	6.122.806,18	0	6.122.806,18
2	Gastos B. Correntes e Servizos	5.648.627,99	0	5.648.627,99
3	Gastos Financeiros	69.547,05	0	69.547,05
4	Transferencias Correntes	533.843,20	0	533.843,20
5	Fondo de continxencia	196.000,85		196.000,85

A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	5.094.296,51	+70.372,19 -70.372,19	5.094.296,51
7	Transferencias de Capital	719.696,87	0	719.696,87
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	28.005,06	0	28.005,06
9	Pasivos Financeiros	194.082,06	0	194.082,06
Total		18.606.905,77		18.606.905,77
ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.854.000,00	0	2.854.000,00
2	Impostos Indirectos	900.000,00	0	900.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	3.113.759,06	0	3.113.759,06
4	Transferencias Correntes	5.238.099,25	0	5.238.099,25
5	Ingresos Patrimoniais	512.809,02	0	512.809,02
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0.00	0	0.00
7	Transferencias de Capital	3.231.694,93	0	3.231.694,93
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	1.506.543,51	0	1.506.543,51
9	Pasivos Financeiros	1.250.000,00	0	1.250.000,00
Total		18.606.905,77	0	18.606.905,77

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 16 de outubro de 2025.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2877

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 55/2025

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 16/09/2025, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 55/2025 do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito entre distinta área de gasto na cantidade de 15.730 euros, que se fai público resumido por capítulos:

0				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	6.122.806,18	0	6.122.806,18
2	Gastos B. Correntes e Servizos	5.648.627,99	-15.730	5.632.897,99
3	Gastos Financeiros	69.547,05	0	69.547,05
4	Transferencias Correntes	533.843,20	0	533.843,20
5	Fondo de continxencia	196.000,85		196.000,85
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	5.094.296,51	+15.730	5.110.026,51
7	Transferencias de Capital	719.696,87	0	719.696,87
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	28.005,06	0	28.005,06
9	Pasivos Financeiros	194.082,06	0	194.082,06
Total		18.606.905,77		18.606.905,77
ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.854.000,00	0	2.854.000,00
2	Impostos Indirectos	900.000,00	0	900.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	3.113.759,06	0	3.113.759,06
4	Transferencias Correntes	5.238.099,25	0	5.238.099,25
5	Ingresos Patrimoniais	512.809,02	0	512.809,02
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0.00	0	0.00
7	Transferencias de Capital	3.231.694,93	0	3.231.694,93
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	1.506.543,51	0	1.506.543,51
9	Pasivos Financeiros	1.250.000,00	0	1.250.000,00
Total		18.606.905,77	0	18.606.905,77

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 16 de outubro de 2025.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2878

RIBAS DE SIL

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MODIFICACION CREDITOS

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 10/10/2025 acordou a aprobación inicial do expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.

Aprobado inicialmente o expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, por Acordo do Pleno de data 10/10/2025 en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello:

<https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal/board>

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

Ribas de Sil, 16 de outubro de 2025.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 2879

O Saviñao

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL

Por Resolución de Alcaldía num. 2025/0348, de data 13 de outubro de 2025, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo da Escola Infantil do Saviñao correspondentes ao mes de setembro de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Saviñao, art. 3 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 13 de outubro 2025.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2869

SOBER*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 15 de outubro de 2025, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência e de dependencia correspondente ao mes de setembro de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 15 de outubro de 2025.- O alcalde, Luís Fernández Guitián.

R. 2870

XOVE*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía núm. 2025-1779 de data 13 de outubro de 2025, aprobáronse os Padróns do Prezo Público pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre (ioga, bolillos e bordado, ximnasia de mantemento, pilates e aeróbic e xovesperta) correspondentes a mensualidade de outubro de 2025.

Por medio do presente pónse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 20 de outubro de 2025 ata 19 de decembro de 2025; o ingreso efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria ou, no seu defecto, en calquera oficina de Abanca ou Banco Santander no seu horario de atención ao público, tal e como dispón o artigo 6 do Acordo Regulador pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre do Concello de Xove.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 13 de outubro de 2025.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2872

Anuncio

Aprobada inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de piscina climatizada municipal e instalacións deportivas anexas do concello de Xove por acordo do Pleno de data 13 de outubro de 2025, de conformidade co artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública polo prazo de trinta (30), a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o acordo de aprobación da mencionada Ordenanza.

Xove, 14 de outubro de 2025.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2873

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía nº 2025-1791 de data 14 de outubro de 2025, aprobouse inicialmente o Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de Escola de Música, correspondente ao curso 2025/2026.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 21 de outubro de 2025 ata 20 de decembro de 2025; o ingreso efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria tal e como dispón o artigo 7 do Acordo Regulador pola prestación do servizo de Escola de Música do Concello de Xove ou, no seu defecto, en calquera oficina de Abanca ou Banco Santander no seu horario de atención ao público,.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 14 de outubro de 2025.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2874

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) – BURELA

Anuncio

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DESENROLADAS POR CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE BURELA NO EXERCICIO 2025.

BDNS (Identif.):862623

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/862623>)

Primeiro. Beneficiarios:

Clubs deportivos federados existentes no concello de Burela, legalmente constituídos e que figuren inscritos no Rexistro Municipal de asociacións, sempre e cando contén con domicilio social e sede territorial no concello de Burela e contén cos datos da inscrición debidamente actualizados no momento de solicitar a axuda.

Segundo. Obxecto:

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2025, destinadas a promover actividades das asociacións, clubs ou entidades deportivas do concello de Burela.

Terceiro. Bases reguladoras:

As bases reguladoras publícanse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

Cuarto. Contía:

37.000,00 €

Quinto: Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende a publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Burela, 15 de outubro de 2025.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2875